



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO
CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

ARQUITECTURA

F 01

TIPOLOXIA:

INDUSTRIAL


PLANO

CLAVE PLANO:

10-J

Nº FICHA:

A_152



DENOMINACIÓN:

Fábrica Ribas

PARROQUIA:

BOUZAS

NÚCLEO:

Vigo

LOCALIZACIÓN:

Rúa das Ánimas Beiramar nº 113

DESCRIPCIÓN: RACIONALISTA

Nave industrial que ocupa un total de 3.740 m² na intersección das rúas Beiramar e das Ánimas. De planta poligonal, o inmoible está constituído por dous bloques edificatorios ben diferenciados, a planta enlatadora, a de máis amplitude, de dúas alturas e proxección horizontal, e o adicado a oficinas, de tres andares e proxección vertical.

A nave propiamente dita -levantada no segundo cuarto do século anterior, tal e como evidencia a súa vocación racionalista- aparece protexida cunha cuberta a catro augas e dispón ao longo das súas fachadas unha serie de ventanais corridos situados na metade superior do paramento. Esta secuencia de ocos divídese verticalmente con pequenas columnas de ladrillo cara á vista, e horizontalmente por unha moldura de cemento que se proxecta máis alá dos vans, acentuando a vocación horizontal do edificio.

Pola súa parte o bloque que acolle as dependencias administrativas -probablemente construído no primeiro cuarto do século XX- cambia radicalmente o deseño do seu alzado, optando por un estilo neo-historicista que combina as xanelas baixo arcos apuntados de gusto gótico, cos piares laterais de inspiración dórica, todo elo enmarcado nunha fachada presidida por un grande frontón triangular e coloreada en branco e vermello.

CATEGORÍA:

INCLUÍDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

AMBIENTAL 1

ESTADO CONSERVACIÓN:

SUFICIENTE

PROPIETARIO:

PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

URBANO NON CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEGER

ENFOSCADOS COLOREADOS

DISPOSICIÓN DE OCOS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e repintado de fachadas.

OBRAS PROHIBIDAS:

As que establece o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que establece o nivel de protección

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.